

LAGOSTA LUMBRIGANTE



CONSELLERÍA DE PESCA
MARISQUEO E ACUICULTURA
Dirección Xeral de Formación
Pesqueira e Investigación

SISTEMÁTICA

Clase: Crustáceos

Orde: Decápodos

Suborde: Reptantes

Sección: Macruros


Especie: *Palinurus elephas*
(Lagosta)
Homarus gammarus
(Lumbrigante)

DESCRIPCIÓN XERAL

Presentan un caparazón cilíndrico e robusto, algo máis ancho e inzado de fortes espiñas na lagosta, e liso no lumbrigante.


Debaixo do caparazón sitúanse 20 pares de branquias coma en tódolos Macruros.

O abdome é máis longo có caparazón e remata nunha forte aleta caudal, con función natatoria. En ámbalas dúas especies, os apéndices situados na parte



Ciclo biolóxico do lumbrigante:

1 Cópula. 2 Femia con ovos. 3 Larva Mysis. 4 Lumbrigante xuvenil.



Morfologia externa da lagosta (femina):

- 1 Antenas.
- 2 Apêndices.
- 3 Cefalotórax.
- 4 Abdome.
- 5 Urópodos.
- 6 Telson.



Morfologia externa do lagosta:

- 1 Antenas.
- 2 Apêndices torácicos ou patas.
- 3 Cefalotórax.
- 4 Abdome.
- 5 Urópodos.
- 6 Telson.



central do abdome non serven para nadar.

As femias emprégaos para le-va-la posta.

Ambalas dúas especies chegan a considerables tamaños (ata 50cm de lonxitude), pero o tamaño medio é de 25 - 35 cm.


Son especies unisexuais: hai machos e femias. Estas dintínguense moi ben por teren bifurcadas as unllas do último par de patas torácicas.

CRECEMENTO

O ter un caparazón duro, o crecemento realízase mediante mudas: cámbiano dúas veces ó ano, ata que chegan á madurez, ós catro ou cinco anos (20 - 25 cm.)

LOCALIZACIÓN

En fondos rochosos ricos en algas; a lagosta encóntrase entre 20 e 100 metros de fondo, e o



Ciclo biolóxico da lagosta:
1. Femia con ovos. 2. Larva filosoma. 3. Larva Puerulus. 4. Langosta xuvenil.



Mapa distribución

■ Lagosta

■ Lumbrigante

lumbrigante en lugares máis superficiais (2 a 40 metros prof.). A lagosta retírase no inverno a fondos de ata 250 metros, na procura de augas máis temperadas.

ALIMENTACIÓN

Son animais de hábitos nocturnos: de día apenas si se moven e de noite saen á procura de alimento, que se compón de bivalvos, vermes e peixes mortos, fundamentalmente.



Artes de pesca para a lagosta e o lumbrigante: 1 Miño 2 Nasa lago

RECOLLIDA

Nasas especiais cebadas con anacos de peixes.

As lagostas péscanse tamén con redes lagosteiras.

Veda: Do 1 de Setembro ó 1 de Xuño.

Tamaño mínimo de captura: 20 cm (lagosta).

25 cm (lumbrigante).

Comercialización: Frescas; conxeladas; en conserva; deshidratadas; en sopas ou cremas.

Cetaría: establecemento auxiliar, dedicado ó mantemento de crustáceos vivos para a súa regulación comercial (Lei 15 / 1985 de ordenación marisqueira e cultivos marinos).

Consumo: consúmense o abdome e moitas patas, cocidos ou en diversas preparacións.

